Axuda/Subvención: Axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados e aos seus familiares

Organismo: Secretaría Xeral da Emigración

Obxecto das axudas: As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto a concesión de axudas extraordinarias e non periódicas dirixidas aos/ás emigrantes galegos/as retornados/as e aos seus familiares, para axudar a facer fronte aos gastos extraordinarios derivados do seu retorno a Galicia.

Beneficiarios:
a) Os/as cidadáns/ás españois que tiveron o seu lugar de residencia no estranxeiro e volveron a Galicia sempre que, antes de emigrar, tivesen a súa última veciñanza administrativa en Galicia e así estivese acreditado no correspondente consulado de España, así como os emigrantes naturais de Galicia que tiveron o seu lugar de residencia no estranxeiro e volveron á Comunidade Autónoma.
b) Os familiares das persoas indicadas na alínea anterior unidos a estes por matrimonio ou que sexan parella de feito, parentesco por afinidade en primeiro grao, ou por adopción e parentes consanguíneos de ata o segundo grao, así como os viúvos/as ou orfos/as deses emigrantes.

Tipos de axudas: Establécese unha axuda para facer fronte de maneira xenérica á situación derivada do retorno e outra axuda destinada especificamente para os seguintes gastos: traslado de enxoval, gastos da viaxe de retorno e tradución e legalización de documentos. Permítese a solicitude dos dous tipos de axuda.

Contía das axudas: A axuda económica que se conceda poderá acadar, como máximo, o 90% do total do orzamento presentado.

Presentación de solicitudes: As solicitudes presentaranse, xunto co resto da documentación, na Secretaría Xeral da Emigración (rúa Basquiños nº 2, 15704 Santiago de Compostela), na oficina de rexistro único da Xunta de Galicia en Santiago, nos rexistros das delegacións territoriais da Xunta de Galicia ou no de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local. No caso de envío por correo, na cabeceira da primeira folla do documento que se queira enviar farase constar, con claridade, o nome da oficina de correos e a data, o lugar, a hora e o minuto da súa admisión.

Prazo de presentación: do 20 de abril ata o 30 de setembro de 2010, ambos incluídos.

Publicación: DOG Nº 72, Luns, 19 de abril de 2010

Máis Información: D.O.G.
Secretaría Xeral da Emigración: Basquiños, 2. 15704 Santiago De Compostela (A Coruña). Tlf: 981 545 878 Fax: 981 547 297 Telf. 2: 981 547 256